



BANDO

D. Jesús Manuel Núñez Díaz, Alcalde-Presidente do Concello de As Nogais (Lugo)

FAGO SABER:

Que de conformidade co establecido nos artigos 9,17 e 23 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario do **IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM), DO ANO 2024,** comezará a contar o día 15/04/2024 e rematará o día 17/06/2024, ambos os dous incluídos.

O ingreso das débedas NON domiciliadas realizarase en calquera oficina das entidades **ABANCA, “La Caixa”- Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A.**, presentando o documento de ingreso que se envía por correo aos domicilios dos contribuíntes.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar para anos sucesivos en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento de pago e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, podendo tamén xestionar a domiciliación nas oficinas municipais.

Infórmase tamén que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento, e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria.

O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

